

GRUPO PROVINCIAL

Dª. Montserrat Lama Novoa, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

REACTIVACIÓN DO PRIMER PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES (I PIOMH 2017-2021) E POSTA EN MARCHA DUNHA ESCOLA INFANTIL PARA FALICITAR A CONCILIACIÓN DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Fai máis de 2 anos, o pasado 28 de marzo de 2017, aprobouse a creación dunha Comisión de igualdade por parte desta institución. Sete meses despois, o 30 de outubro de 2017, presentouse ante os medios de comunicación e neste salón de Plenos, o PRIMEIRO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULHERES E HOMES, cun cronograma e mapa de traballo ata o 2021.

Aquel paso, supuxo un fito a nivel provincial na consecución da igualdade, declarando deste modo o compromiso da Deputación e do grupo de goberno co establecemento e desenrollo de políticas que integraban a igualdade de trato e oportunidades, sen sufrir ningún tipo de discriminación, así como o impulso e fomento de medidas para acadar a igualdade real.

Durante o primeiro ano de vixencia, aprobáronse, por vez primeira:

- A organización de cursos formativos específicos relacionados coa igualdade.
- Elaborouse e publicouse unha guía práctica para o uso dunha linguaxe inclusiva e chegouse a organizar unha difusión provincial que nunca se levou a cabo.
- Elaborouse un protocolo para a prevención do acoso sexual por razón de sexo aplicable ao Persoal da Deputación de Ourense.
- Fomentáronse medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Realizáronse diversos actos relacionados sobre a muller e a igualdade.

De forma paralela ás actuacións previstas na axenda para o primeiro ano de vixencia do plan, realizáronse diferente propostas que a día de hoxe non se levaron a cabo, polo que se retardou 9 meses o plan de implantación, 9 meses de perda de oportunidades e de continuidade;

Estas accións, resúmense en:

- Deseño dunha campaña de sensibilización para fomentar os postos masculinizados e viceversa.
- Redacción do primeiro informe de valoración anual do plan de seguimento; Un informe exhaustivo onde se estimaron todas as variables de implantación.
- Acordo de presentación dunha campaña de sensibilización en igualdade no ámbito laboral, campaña que quedou deseñada e planificada.
- Creación dun departamento específico de igualdade nas instalacións da institución.
- Realización dun proxecto piloto baseado na realización de reportaxes nos colexios da provincia e así palpar e coñecer a realidade que os cativos observan.
- Organización da I GALA DA MULLER, Gala 100% OURENSÁ, onde se pretendía recoñecer a distintas personalidades femininas e outorgarlle o seu mérito e recoñecemento.
- Creación ducha Escola Infantil nas propias instalacións para facilitar a conciliación familiar a todo o persoal da Deputación.

O pasado 29 de xaneiro tivo lugar a última convocatoria da reunión da Comisión de Igualdade, 9 meses despois, a Comisión está esquecida, e toda a programación, o cronograma e as medidas que se aplicaron quedaron freadas. A parte de ese “parón” de iniciativas e cumprimento do cronograma, non debemos esquecer o esforzo, dedicación, ilusión e paixón que todos e cada un dos membros da mesa, puxo desde o primeiro momento con este proxecto: persoal laboral, funcionarios, representantes sindicais e Deputadas Provinciais. Un equipo de homes e mulleres extraordinario, que de seguro estarán desexando volver para seguir facendo desta institución un referente en igualdade.



Por todo o anteriormente exposto, proponemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Nomear unha nova Presidencia da Comisión, a cal aporte os valores, coñecementos e compromisos necesarios para seguir acadando resultados.
2. Convocar a Comisión de Igualdade e que se axilicen, no menor tempo posible, todos aqueles compromisos que están sen cumplir ata o día de hoxe.
3. Crear una Escola Infantil nas instalacións da Institución, previa autorización por parte da Consellería de Política Social, para facilitar a conciliación do Persoal da Deputación Provincial de Ourense.

Ourense, 10 de outubro de 2019

A blue ink signature in cursive script, appearing to read "Montserrat Lama Novoa".

Dª. Montserrat Lama Novoa

Voceira Grupo Provincial

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE